



Que os nenos e nenas de Cerdido non perdan a ilusión
por coñecer o seu concello.

Claustro do CEIP da Barqueira



Editorial Trasno Trouleiro.

Autores: Hugo, Antía, Jorge, Mateo, Samuel, Inés, Saray, Noa, Rosalía, Uxía, Gisela, Andrés, Carla, Noelia, Miguel, Nicolás, Miguel, Enma, Hugo, Evelyn, Saray, Daniel, Samanta, Anxo, Diego, Iago, Javier, Beatriz, Lorena, Noelia, Martín, Hugo, Adrián.

Fotografías: Mestras e familias.

Edición: Mestras



Este é un libro interactivo. Para visionar os vídeos debes ter instalada a aplicación de realidade aumentada HP REVEAL no teu dispositivo intelixente (smartphone, tablet...). Faite seguidor da nosa canle de HP Reveal buscando a canle "aramonprie" nesta mesma aplicación. As páxinas que conteñan imaxes con vídeo asociado terán este símbolo:




COÑECES CERDIDO?






QUERES SABER COMO SE FIXO ESTE LIBRO?
Descubre con HP Reveal o proceso do Proxecto!



ÍNDICE

- 1.Ubicación e poboación.....páxina 8.
- 2.Historia de Cerdido.....páxina 10.
 - A cultura castrexa en Cerdido.
 - Como vivían os nosos devanceiros?
 - As igrexias de Cerdido.
- 3.A Fraga dos Casás.....páxina 55.
 - Fauna da Fraga dos Casás.
 - Flora da Fraga dos Casás.
- 4.Folclore de Cerdido.....páxina 59.
 - Contos e lendas.
 - Xogos populares.

1. UBICACIÓN E POBOACIÓN



O concello de Cerdido é un municipio da comarca do Ortegal, na provincia de A Coruña, xunto cos municipios de Cariño, Mañón e Ortigueira. Limita ao norte con Cedeira, ao leste con Ortigueira, ao sur con Somozas e Moeche e ao oeste con Valdoviño. Está formado por tres parroquias: A Barqueira, Os Casás e Cerdido.



O CEIP da Barqueira é o centro escolar do concello, onde se atopan as etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.

O nome do colexio (e da parroquia) débese a que fai moitos anos eraquí onde se fabricaban as sandalias tipo "barqueiro", que se caracterizaban por ter unhas longas tiras de coiro que chegaban ata o xeonllo.

2. HISTORIA DE CERDIDO

A CULTURA CASTREXA EN CERDIDO

Un castro é un poboado fortificado que tiña vivendas circulares no seu interior. Datañ do S. VI a.de C.

Normalmente estaban protexidos por unha muralla e por fosos, así, cando había conflictos, a xente trasladábase a estas construccíons para protexerse.



Fotografía de arquivo do Castro de Baroña.

O Castro de Cerdido tamén é coñecido como Castrillón ou Socastro, e está erixido sobre un outeiro.



É un poboado fortificado da Idade de Ferro, cun importante sistema de defensa. Ten un recinto principal rodeado de murallas de moita altura, ao redor do cal hai un foso e nalgúnhas zonas unha terraza defensiva. A entrada tamén estaba protexida.

No xacemento atopáronse fusaiolas, que son elementos que se utilizaban no proceso de fiado.



Nos xacementos dos castros tamén adoitase atopar: torques, arracadas, puñais de antenas, etc.



COMO VIVÍAN OS NOSOS DEVANCEIROS?

AS MALLAS E A HERBA SECA

Unha muller con zocas de madeira traballando coa herba seca para facer o palleiro. Detrás hai unha desgranadora, para desgranar o trigo.





Persoas botando a palla na desgranadora, para despois botala no palleiro. Antigamente axudaban todos os veciños cando había que facer traballos de campo. Están usando galletas para recoller a herba e botala no palleiro.



Persoas xuntando a herba seca para cargala no tractor e levala para a casa para metela na desgranadora.



Levan a herba seca no tractor para metela na desgranadora e para facer o palleiro.



Un señor facendo o palleiro coa galleta.



AS VACAS E OS BURROS: UNHA AXUDA IMPRESCINDIBLE



Señora dándolle de comer ás vacas.



Nenos nun tractor saíndo das cuadras.



Unha señora plantando as patacas cun raño. Está vestida de loito porque lle morreu algún familiar.

Están lavando ao burro. Os burros son animais moi dóciles, por iso se utilizaban para cargar e carretar a herba e outras cousas.



Persoas plantando as patacas, están arando a terra con vacas e raños. Os rapaces levaban pantalón curto ata os 16 anos e as mulleres tiñan que levar saia por lei. Antes as mulleres non usaban pantalóns.



ARANDO COAS VACAS



En ambas fotografías vemos como as persoas están arando co arado e coa axuda dos animais. As que están diante guian ás vacas para que vaian rectas e as que van detrás están facendo que camiñen as vacas.

A muller vai de loito porque lle morreu algún familiar.


Un rapaz está quitando o esterco e cargándoo no carro das vacas. No fondo hai un hórreo, que se utilizaba para gardar cereais, porque alí non podían subir os ratos, pois tiñan unha repisa que lles impedía subir. Tamén teñen entre as táboas uns espacios para que entre o aire e se manteñan frescos os cereais.



Unha muller vestida de luto cun becerriño que acaba de nacer. Leva zocas de madeira nos pés.



A mesma muller limpando o becerriño que acaba de nacer. No fondo vemos un carro de madeira coas rodas tamén de madeira, que se utilizaba para levar a herba, a leña...





Un home preparando a terra para plantar.

Unha familia plantando. As vacas tiran polo arado e os rapaces van plantando.





AS CASAS DE ANTES

Esta é unha casa de pedra, na que pode verse un carro de madeira e uns tablóns que se utilizaban para facer cabanas .



Nesta fotografía vemos un hórreo, na parte traseira da casa.



Un inodoro de madeira, a maioría da xente non o tiña dentro da casa e tiña que ir á corte a facer as súas necesidades.

Unha muller botando leña na cociña. No fondo vemos unha “palangana” que servía para lavar a cara polas mañás, pois na maioría das casas non dispoñían de auga corrente.





Unha muller pelando as patacas. Está vestida de loito. Pódese observar unha pota de aluminio bañado en zinc e un caldeiro para botar as patacas.

Unha casa de pedra con leña acumulada fóra para poder pasar o inverno. No fondo vese o hórreo.



OFICIOS



Unha muller facendo bolos de pan nun forno de pedra. Está utilizando unha paleta para meter e sacar os bolos do forno.

Unha muller cunha máquina de coser antiga. Está cortando a tea para facer algo con ela.



Na fotografía vemos a unha muller carretando un saco de cereais na cabeza. Antigamente carretábanse moitas cousas na cabeza. Leva unhas zocas de madeira. No fondo vemos o palleiro cunha escada para poder subir nel.



Nesta fotografía vemos
unha muller recolectando
grelos da súa horta.





UTENSILIOS DE ANTES



TELEVISIÓN ANTIGA: servía para ver canles de televisión en branco e negro. Antes soamente había unha ou dúas canles. Agora hai máis canles, teñen mando a distancia, son, cor e con pantallas planas.



MOEDAS E BILLETES: servía como forma de pago. Antigamente tiñamos pesetas e agora temos euros, céntimos... as cantidades dos billetes de antes eran menores que os de agora.



XEMELGOS: utilizábanse para adornar os puños das camisas e as garavatas. Quen dispoña de xemelgos en épocas pasadas adoitaba ser rico.



RELOXOS DE PETO: utilizábanse para saber a hora. Levábanse no peto. Non tiñan pilas, eran de corda. Agora a maioría son de pulseira e teñen pilas.



CALENDARIOS: usábanse para saber o día e o mes que era. Seguímolos usando, aínda que en diferentes formatos: dixital, papel, etc.



MICROSCOPIO: utilizábanse para ver cousas pequenas, igual que agora, pero agora teñen mellores lentes e incluso dixitais.



RELOXO DESPERTADOR: utilizábanse para saber a hora e para despertarnos. Moita xente non tiña reloxo na casa e tiña que ir á praza onde o houbera para saber a hora. Na actualidade utilizamos outro tipo de reloxos.



CHAVE DE FERRO: utilizábanse para abrir as portas das casas. Antigamente, nas cidades, había un sereno que tiña as chaves de todos os portais, cando se necesitaba ía abrir e pechar a porta.



CÁMARAS DE FOTOS: servían para sacar fotos, mirábase polo cadradiño e dábaselle a un único botón. Para ver as fotos había que revelar o seu carrete interno. Actualmente temos cámaras dixitais moi diversas e podemos ver as fotos antes de revelalas.



COMPÁS (DE ORIENTACIÓN): utilizábase para saber os puntos cardinais e poder orientarse, a súa agulla marca o Norte. Na actualidade temos GPS e distintas aplicacións dixitais.



PLANCHAS DE FERRO: chamábanse ferros, e utilizábanse para planchar a roupa. Poñíase carbón dentro e co calor a roupa quedaba sen enrugadas. Agora temos planchas eléctricas, de vapor, etc.



CANDIL: utilizábase para alumear na escuridade. Funcionaban cunha mecha na que se prendía lume. Agora temos lámpadas, lanternas, etc.



COMPÁS (DE DEBUXO): era de ferro. Utilizábase para facer circunferencias. Actualmente seguimos tendo compases doutros materiais menos pesados.



ASADOR DE CASTAÑAS: servía para asar castañas. Metíanse as brasas dentro e coa manivela se lle daban voltas para que seguiran vivas.



CINTAS MÉTRICAS: servía para medir. Adoitaban estar feitas de madeira ou de metal. Actualmente seguen a usarse, mais de outros materiais como plástico, etc.



BALANZA DE ANIMAIS (PESA ROMANA): utilizábase para pesar aos animais cando os mataban. Agora temos básculas dixitais nas que só hai que poñer ao animal encima para pesalo.



TRONZADOR: necesitábanse dúas persoas, unha en cada lado, para poder cortar as árbores ou os troncos para a leña. Actualmente temos motoserras de gasolina.

SERRÓN: utilizábase para cortar a madeira. Séguese utilizando, aínda que doutros materiais.





GALLETA: servía para coller a herba. Séguese utilizando hoxe en día, aínda que tamén hai tractores que a recollen.



NIVEL: utilizábase para saber si estaba recta unha cousa. Agora hai outros modelos feitos doutros materiais adoitan ten unha burbulla para saber se está nivelado.



RIPADOR DO LIÑO: servía para limpar e alisar o liño. Agora xa non se utiliza.



VITILLO: utilizábase para que as vacas non comeran mentres traballaban, ou cando estaban enfermas. Na actualidade utilízase algo parecido para que non mamen noutras vacas.



SARGENTO: utilizábase para apretar dúas pezas para que non se movan. Na actualidade utamén os temos, pero con formas e materiais distintos.



CEPILLO DA MADEIRA: utilizábase para que a madeira estivese lisa. Agora utilízanse outros métodos, lixadoras, etc.



ATADOR DE MOLLOS DE TRIGO: utilizábase para que fóse más fácil atar os mollos do trigo. Actualmente temos máquinas, empacadoras.



TRENCHA: utilizábase para quitar anacos á madeira. Séguese utilizando na actualidade.



FERRADURA FEITA Á MAN: poñíaselle ás vacas, burros e cabalos nas pezuñas. Actualmente séguense utilizando pero fanse de forma industrial.



FERRO DA COCIÑA DE LEÑA: usábase para remover as brasas e levantar os hornillos de ferro da cociña de leña. Actualmente séguese usando nas cociñas de leña.



TRES PÉS: utilizábase para poñer potas enriba e quentar a comida. Facíanse as brasas debaixo. Actualmente case non se usan.



CARAVEL: están feitas de madeira de castiñeiro (berja). Servían para levar alimentos, leña, etc. Na actualidade utilízanse más de outros materiais como o mimbre.



CAMPÁS: utilizábanse para saber onde estaban os animais. O son de cada unha é distinto para diferenciar os animais. Na actualidade aínda se seguen utilizando para os animais que pastan en liberdade.



SULFATADORA: utilizábbase para sulfatar as leiras. Actualmente séguense utilizando pero son de outros materiais e formas.



CARRO (miniatura): servía para transportar diferentes cousas (patacas, herba...). Na actualidade utilizanse tractores.




PICARAÑA DA ROZA: usábase para mover a terra e quitar as pedras. Está feita de ferro e ten un mango de madeira. Agora utilizamos o rotovato que serve para remover a terra e cando encontra unha pedra xa para.



PICARAÑA DA LEÑA: utilizábase para romper as raíces das árbores. Na actualidade utilizanse máquinas aínda que tamén se segue utilizando a picaraña.



MUÍÑO DE CAFÉ: servía para moer o café. Consiste nunha roda dentada pola que pasaba o gran de café e pasaba para o caixonciño moído. Agora temos muíños eléctricos e tamén podemos encontrar o café moído na tenda.



CANDIL DE ACEITE: servía para alumear, prendíase a mecha e alumeaba. Agora temos lámpadas, bombillas...



CANDIL DE GAS: servía para alumear igual que o de aceite pero con gas.



CANDIL DE CARBURO: servía para alumear, igual que o de aceite e o de gas.



CAFETEIRA: despois de moer o café metíase na cafeteira con auga e poñíase ao lume. Actualmente temos cafeteiras co mesmo sistema, cafeteiras eléctricas, máquinas de café, etc.



AMBIENTADOR: utilizábase para poñer nas casas para que ulira ben, neste caso é lavanda, pero podían ser outras herbas aromáticas. Na actualidade ambientadores moi distintos.



CHISQUEIROS: utilizábanse para acender o lume.



TOCADISCOS: poñíase o disco de vinilo e xiraba, e a agulla fai que se reproduza a música. Este tamén ten para casetes. Os discos utilizados tamén se chaman discos microsurco.



FRAUTA DE MADEIRA: utilizábase para facer melodías. Na actualidade están feitas de plástico ou de madeira.



CULLERES: utilizábanse para comer e para facer música, tócanse entrechocando a parte cóncava e golpeando coa palma da man e no muslo. Actualmente séguense utilizando como instrumento de percusión aínda que tamén se utilizan de metal.



CASTAÑOLAS: é un instrumento de percusión do folclore español. Colócanse nas mans que as fai entrechocar. Producen un son moi característico. A que se coloca na man esquerda ten un son más grave que a da dereita, que faría o repiqueteo.



CAMPAÍNA: utilizábase para chamar á xente para que acudise a ti.



TASTARAVÁS (carraca ou matraca): é un instrumento de percusión que se utilizaba nas procesións de Semana Santa. Ten un son moi característico.



TARRAÑOLAS: é un instrumento de percusión do folclore galego, sería unha variante das castañolas. Tócanse colocándoas entre os dedos e facéndoas chocar entre elas.



VITROLA: é un tocadiscos que utilizaba discos de pedra (pizarra). Ten unha manivela que ao facela xirar producíase a música.



ESTERILIZADOR DE XERINGAS: utilizábase para esterilizar as xeringas. Na actualidade son de usar e tirar.



ZOCAS DE MADEIRA: levábana os homes e as mulleres antigamente, porque era o calzado que había, utilizábanas para traballar na terra. Agora temos multitud de calzado de diferentes tipos e con diferentes usos.



RASPA: utilizábase para furar os zocos de madeira por dentro e facerlle a forma redondeada. Na actualidade non se usa porque non se usan as zocas. Úsanse para bailar como parte do folclore galego.



ORMAS: utilizábase para colocar os zapateiros o calzado, para facelo, para arranxalo... na actualidade séguense utilizando con outras formas e materiais.



MÁQUINA DE FIAR: a partir da la das ovellas facíase o fío. Na actualidade hai máquinas industriais para facer fío e roupa.



MÁQUINA DE ESCRIBIR: usábase para escribir cartas, documentos... na actualidade temos ordenadores e impresoras.



ORDENADOR: ten máis de 50 anos. Utilizábase para escribir documentos. Ten unha pantalla moi pequena e unha impresora incorporada. A tecnoloxía dos ordenadores cambiou moito nos últimos anos.



TINTEIRO: utilizábase para mollar a pluma en tinta e escribir documentos. Na actualidade temos lapis, bolígrafos, etc.



MULTICOPISTA: utilizábase para realizar copias de documentos. Metíase o papel e botábase tinta e dábaselle á manivela e saía polo outro lado a copia. Na actualidade temos fotocopiadoras eléctricas e multicopistas que fan multitude de copias en moi pouco tempo.



SELLA: utilizábase para levar a auga dende as fontes, os pozos... para a casa, porque na casa non tiñan auga corrente. Levábana as mulleres na cabeza con un pano enroscado debaixo.



NATEIRA: servía para facer nata, pastábase o leite que ía callando e converténdose en nata.




LEITEIRA (CÁNTARO): utilizábase para transportar o leite polas casas. Na actualidade temos envases e botellas de leite.




ACEITEIRAS: utilizábanse como ferramenta de medida de líquidos. Na actualidade temos recipientes con marcas coas medidas postas.



PORRÓN DE BARRO: servía para levar viño ou auga. Na actualidade adoitamos usar botellas de plástico ou vidro.



POTA: era de aluminio bañado en zinc. Na actualidade son de aceiro inoxidable e doutras formas distintas.



BOTELLIÑA DE GASEOSA: tiñan gaseosa e reutilizábase volvéndose a encher doutras bebidas.



PRATO DE ALUMINIO: bañado en zinc. Servía para botar os alimentos. Na actualidade son de cerámica e incluso de plástico.



COADOR: servía para coar o café que se facía na pota. Agora xa case non se fai na pota polo que non se utiliza.




TAZA DE ALUMINIO: servía para beber líquidos por el. Agora son de cerámica, cristal, plástico, etc.

IGREXIAS E CRUCEIROS DE CERDIDO

Igrexias de Cerdido


IGREXIA DE SAN MARTIÑO DE CERDIDO: Situada no lugar da Iglexa, foi construída no século XVI. Destacan a torre barroca, a cúpula do século XVIII e portas do gótico tardío. Na súa fachada sobresaen o escudo dos Marqueses de San Sadurniño administradores do lugar e o xabarín, emblema dos Señores de Andrade que dominaron a zona. No seu interior podense admirar dous retablos de estilo barroco.






Copia de prueba: no optimizada para impresión en alta calidad o distribución digital

IGREXIA DE SAN ANTONIO DA BARQUEIRA: A igrexa, adicada a San Antón, de estilo neogótico e planta de cruz latina, é do ano 1920. O cruceiro está fechado no ano 1900 e, según reza a inscripción realizada na base do mesmo, “fixose á devoción de Manuel Casal e C. M. ano de 1900”. O cruceiro é prácticamente idéntico ao que existe no atrio da igrexa de Pantín, tamén datado en 1900, polo que non se descarta que o autor da obra fose o mesmo.



IGREXIA DE SAN XOAN DOS CASÁS: Igrexa reconstruída na súa totalidade no século XIX e XX , adicada a San Xoán. Ten dous retablos, un neogótico de principios do século XX e outro lateral do século XIX, que imita a un barroco anterior en mal estado.



Cruzeiros de Cerdido

Cruzeiros dos Casás





Cruceiro do Lugar das
Pontellas



Cruceiro diante da
igreja da Barqueira



Cruceiro do Lugar de
Vilela






3.A FRAGA DOS CASÁS

Unha fraga é un bosque típico de Galicia, con especies de árbores propias: castiñeiro, carballo...

A fraga dos Casás é un bosque autóctono que se atopa no concello de Cerdido, ten moitas especies propias de Galicia, tanto de flora como de fauna.



FAUNA DA FRAGA DOS CASÁS

Na fraga dos Casás atopamos tanto animais vertebrados (teñen columna vertebral) coma animais invertebrados (non posúen columna vertebral).

Animais invertebrados

LESMA: Son moluscos sen cuncha. O seu nome científico é *geomalacus maculosus*.



VACALOURAS: Escaravell os cuns grandes cornos. O seu nome científico é *lucanus cervus cervus*.

Animais vertebrados

MAMÍFEROS: Xabarín, raposo, xeneta, marta, corzo, bisón, morcego, esquío, londras, etc.

RÉPTILES: Cobra lagarteira, lagartixa serrana, lagarto das silvas, etc.

ANFIBIOS: Ra patilonga, ra vermella, píntega rabilonga, etc.

PEIXES: Merlo do río, etc.

AVES: Garza, pombo, pega, escribenta, millafre, abelleiro, etc.



FLORA DA FRAGA DOS CASÁS

Algunhas das plantas que alí atopamos son:

Megaforbios eutrofos hidrófilos.



58



*Quercus robur e quercus
pirenaica* (ou carballo).



4. FOLCLORE DE CERDIDO

CONTOS E LENDAS DA COMARCA DO ORTEGAL

Vasco, o trovador de Moeche.

Poucos anos antes da destrucción do castelo medieval que hai en Moeche polos Irmandiños foi cando se desenvolveu esta lenda: Don Nuno Freire de Andrade, dono do castelo, deuse conta un día de que a súa filla, Beatriz, e o trovador do pobo, Vasco, estaban namorados. Como Don Nuno consideraba que Vasco non tiña diñeiro suficiente, decidiu encerrar a Beatriz nunha torre, a fin de que se olvidara del.

A partires desde día, Vasco, tocaba preto do castelo para ver se Beatriz podía escoitalo... pero foi Don Nuno quen o escoitou, e, coa súa espada, feriu mortalmente. Cando Beatriz se deu conta foi xunta o seu amado e comezou a chorar. Seu pai, como era unha persoa sen escrúpulos, matouna tamén. Nese momento, Vasco e Beatriz, que estaban abrazados, deixaron mesturadas as súas sanguis, o que fixo que vivisen para sempre.

Os demos do Barqueiro

Conta a lenda do Barqueiro que, antes de que existisen as pontes que agora atravesan a ría, as xentes facían a travesía en barca de remos. Para elo chegaban ata a ribeira e avisaban ao barqueiro, que estaba na súa casa, para que os pasase. Na ribeira de enfrente, nunha cova chamada Monte Furado, reuníanse demos e trasnos para idear maldades e trasnadas. O barqueiro sabía que os demos e os trasnos odian a auga salgada, polo que non lles podían fazer nada malo; por iso, burlábanse deles dende a barca.





XOGOS POPULARES

Os xogos populares son aqueles aos que xogaban os nosos maiores, xeralmente transmítense de forma oral por parte dos nosos devanceiros.

O xogo do Cuba-Libre.

NÚMERO DE XOGADORES: Mínimo de cinco.

MATERIAIS: Non se necesitan.

DESENVOLVEMENTO: Trátase dun xogo de pilla, no que unha persoa ten que perseguir ao resto, que para non seren atrapados, poden berrar a palabra: CUBA, ao tempo que quedan estáticos coas pernas abertas e os brazos separados. Non poderán volver a moverse ata que un compaño ou compañeira faga a mesma maniobra agarrándoo dunha man. Para que ambos poidan volver a moverse, unha terceira persoa terá que pasar entre as súas mans ao tempo que berra: LIBRE.





O xogo do Rescate.

NÚMERO DE XOGADORES: Mínimo de catro.

MATERIAIS: Non se necesitan.

DESENVOLVEMENTO: Créanse dous equipos. O xogo consiste en que un equipo ten que agocharse do outro. Cando os encargados de buscar atopan a alguén dos agochados, terán que levalo a un campo de prisioneiros, onde poderán ser librados por un compaño se lles toca na man.





O xogo da Pitiña Cega.

NÚMERO DE XOGADORES: Mínimo de cinco.

MATERIAIS: Pano para tapar os ollos.

DESENVOLVEMENTO: Unha persoa terá o rol de "Pitiña Cega", para o cal deberá tapar os ollos coa axuda dun pano. Os demás danlle tres voltas, ao tempo que cantan: "Pitiña, pitiña, que perdiches no corral? Unha agulla e un dedal. Dá tres voltas e o atoparás." Posteriormente colocaránse en círculo, rodeando á "Pitiña" e agarrados das mans. A "Pitiña" ten que intentar atopar a alguén e adiviñar quen é mediante o sentido do tacto.



O xogo da Bomba.

NÚMERO DE XOGADORES: Mínimo de cinco.

MATERIAIS: Pelota.

DESENVOLVEMENTO: Os xogadores e xogadoras colócanse de pé, facendo un círculo e terán que pasar a pelota ao compaño do seu lado. No medio haberá unha persoa co rol de "nai", que deberá facer unha conta atrás dende 20; ao chegar a 10, avisará mediante a consigna: "Vai caer"; cando chegue a 20 dirá: "Caeu". A persoa que teña a pelota na man no momento que a conta atrás remate terá que sentarse no chan coas pernas estiradas. A persoa que esté á súa dereita terá que saltalo para poder pasar a pelota ao compaño ou compañoira. A última persoa que quede en pé gaña a partida.



